

## ORIENTACIÓNS DE TRABALLO SEMANA DO 15 AO 19 DE XUÑO

Ola familias,

Chegamos á última semana do curso desta maneira tan especial que nos tocou vivir.

O traballo que vos propoño será un pouco distinto polo motivo de ser a última semana. Sei que todos/as estades un pouco mais cansados para seguir facendo actividade tan dirixida polo que vos pido un último esforzo para colaborar soamente en dous actividades que pasará a explicar a continuación e coas cales daremos por rematado o curso.

A **primeira actividade** será para facer unha felicitación (debuxo, tarxeta...) para todos/as os nenos/as que fan anos no mes de Xuño que son **GAEL** e **ALEJANDRA** e para os nenos que fan anos nos meses de verán que son **MATEO S** e **MATEO D**. A felicitación pode ser unha conxunta para os catro.

O **segundo é preparar unha mesaxe de despedida** para os amigos/as desexándoles un feliz verán. Pode ser un audio ou video (sen que se lles vexa a cara para podelo subir ao blog, tamén poden poñer o antifaz...que levaban na bolsa dos traballos do 2º trimestre), ou podería ser un debuxo ...como lles guste mais. Se vos animades co video ten que ser curto (15 segundos como moito...)

O demais que vos propoño son actividades relacionadas co verán que podedes facelas ao longo destes meses , non é necesario para agora. Aínda que se algunha delas querenllas facer e teñen ganas, podedes enviarmelas para subilas ao blog nestes días.

**Tede en conta que rematarei o blog o vindeiro 19 de xuño que é venres á noite polo que é moi importante que as vosas mesaxes e felicitacións para os nenos/as que estean de cumpreanos me cheguen con antelación para podelos subir antes do peche**

O resto das actividades propostas son as que explicovos a continuación.

- **O SOL SOLIÑO**

Nestes días de calor nos acompaña moito o sol, que o podemos ver no ceo. Cómo é o sol? Qué vos parece se o pintamos nos? Podémolo facer ao noso gusto, déixovos varias ideas.



- **PAISAXE DE PRAIA**

Para esta actividade se temos posibilidade podemos usar elementos naturais como area. Trátase de imaxinarnos a praia, qué podemos encontrar nunha praia. Aínda que eu vos deixe estas ideas tamén podeades facelo nun folio.



- **A PESCAR TAPÓNS**

Precisaremos un recipiente, o cal encheremos de auga en el introduciremos diferentes tapóns. Con dous paus, poden ser depresores, os nenos e nenas teñen que pescar os tapóns, así traballamos a súa motricidade fina.



- **VESTÍMONOS DE VERÁN**

Deixovos aquí un enlace a unha actividade interactiva na que podemos vestir un neno/a segundo o tempo e a estación do ano:

[http://www.edibadigital.com/index.php?option=com\\_content&view=article  
&id=101&lang=es&ml=1](http://www.edibadigital.com/index.php?option=com_content&view=article&id=101&lang=es&ml=1)


- **PINTAMOS A FROITA QUE NOS GUSTA**

Trazaremos a silueta da froita que queiramos debuxar, a que máis nos guste, e dentro os nenos/as pintarana como prefiran, estampando algún obxecto, cos dedos ou tamén poden pegar anacos de papeis, gomets...



- **UNIMOS CON PINZAS NUMERO E CANTIDADE**

Para esta actividade usaremos un folio e pinzas da roupa, unhas terán números e outras puntiños. Trátase de que os nenos/as unan cun lapis as pinzas do número e os seus puntiños correspondentes.



- **POÑEMOS FOLLAS ÁS FLORES**

Debuxaremos unhas flores co seu talo e lles poñeremos un número. Os nenos/as terán que pintar co dedo tantas follas como o número indicado. Tamén podemos facelo cos pétalos.




- **PERCHAS CON NÚMEROS**

Esta actividade a faremos si dispoñemos de perchas e de pinzas. A cada percha lle poñemos un número e terán que colgarlle tantas pinzas como o número que indica.



- **FORMAMOS FIGURAS XEOMÉTRICAS CON PASTA**

Para realizar esta actividade precisamos pasta como macarróns ou spaguettis cortados. Debuxaremos diferentes figuras (círculo, cadrado, triángulo) e os nenos/as colocarán os anacos de pasta formando esa figura, pola liña que teñamos debuxada.



- **ENSARTAMOS PAPEIS NUN VASO**

É unha actividade para practicar o sopro e unha forma divertida de facer unha actividade que podemos facer perfectamente coas mans. Precisamos unha palliña, anacos de papel hixiénico e un vaso. Poñeremos a palliña encima dun anaco de papel e aspiraremos de forma que aguante o papel na palliña e o trasladamos encima do vaso onde sopraremos para metelo dentro.



- **A BÚSQUEDA DO TESOURO**

Escondemos algún obxecto pola casa e vamos dándolle pistas aos nenos/as oralmente ata que os encuentre. Tamén poden pasar unha proba para obter a seguinte...segundo nós vexamos.

- **CORTAMOS O PELO DO MONECO**

Precisamos o rolo de papel de cociña. Nel debuxamos unha cara e na parte de arriba facemos tiras. Os nenos/as terán que ir recortando esas tiras ca tesoura. (Román e Mateo D fixeron esta actividade. Está no apartado de nosas aportacións das primeiras semanas (marzo e abril)



- **GAFAS DE BUCEO**

Para esta actividade precisades papel celofán e nun marco de cartolina coa forma de gafas de buceo facer como móstrovos na foto que tedes abaixo



- **XOGO DE ENCESTAR**

Podemos facer os nosos propios xoguetes para pasar estes ratos libres que temos no verán .

Trátase de decorar o rolo cos debuxos que queirades e poñer unha bola de polixpan enganchada ao rolo para encestarla



- **UNIMOS AS LETRAS IGUAIS.**

Usaremos un rolo de papel hixiénico ou papel de cociña, que é máis grande, no que debuxamos letras deixando espazo entre elas. Teremos tamén gomets nos que escribimos as letras. Terán que pegar o gomet dunha letra onde se atope a mesma letra no cartón.





- **RULETA DAS LETRAS**

Nun anaco de cartón vamos colocando ao redor pinzas cas letras do abecedario en maiúsculas. Podemos facer diferentes xogos, por exemplo pechamos os ollos, tocamos unha letra e buscamos unha palabra que comece con esa letra, recordamos a súa historia no conto de Pepita e Miguel, buscamos as letras do noso nome, do dos compañeiros ou calquera palabra que queiramos.



- **PUZLES DE NOMES E PALABRAS**

Trátase de escribir unha palabra, nome nun papel en maiusculas e logo cortamos separando as letras para que os nenos/as xunten os anacos formando esa palabra ou nome.



- **BINGOS**

Deixareivos nun anexo unha serie de “cartóns” de bingos para que xoguedes en familia: uns de letras, outros de cores e outros de números.



### ESPAZO DE CONTOS

#### LLEGÓ EL VERANO




<https://www.youtube.com/watch?v=MkOwy7mfEEo>

#### LA MANTA QUE ABRAZA



<https://www.youtube.com/watch?v=H8WTeFncO9A>



Ata aquí as orientacións do verán. Lembrade tamén as orientacións que vos dí na bolsa dos traballos.

Dicirvos que estarei a vosa disposición para resolver calquera dúbida. Espero que o curso que ven o comecen mellor do que o acabamos, polo menos que podan verse e xogar xuntos no cole coas profes.

Despídome de vós desexándovos un feliz verano e que gocedes destes tempos tan valiosos en familia. Aos meus alumnos/as dicirlles que aproveiten o tempo de verán e que xoguen e gocen moito, gustaríame haber tenido outra despedida con eles, poderlles ver a todos/as e darlles un bico grande, a lo menos me queda un bonito recordo de eles/as co vídeo que me fixeron. Foi precioso! Moitas grazas.

Mirade os vosos correos porque envíovos tamén un recordo do que foi o curso ata o inicio do confinamento, espero que os guste e que lles guste.

Foi un placer! Deséxovos todo o mellor!

Unha aperta moi moi forte e coidarvos moito.

Elena.